



## DEREITO DE NON ASISTENCIA COLECTIVA DO ALUMNADO

### LEXISLACIÓN

**Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación (artigo 8)**, modificado na súa redacción na **disposición final primeira**, apartado 5, da **LOMLOE** (Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro).

*“Co fin de estimular o exercicio efectivo da participación dos alumnos nos centros educativos e facilitar o seu dereito de reunión, os centros educativos establecerán, ao elaborar as súas normas de organización e funcionamento, as condicións en que os seus alumnos poden exercer este dereito. Nos termos que establezan as administracións educativas, as decisións colectivas que adopten os alumnos, a partir do terceiro curso da educación secundaria obrigatoria, con respecto á asistencia a clase non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción, cando estas fosen resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á dirección do centro”.*

No noso **Plan de Convivencia** ese dereito recóllese no **artigo 64**, se ben se refire á xustificación das faltas.

### PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA A XORNADA DE NON ASISTENCIA COLECTIVA

- Os alumnos de 1º e 2º da ESO non teñen recoñecido o dereito á folga polo que, se faltan á clase, en ningún caso debe aceptarse como xustificación da falta a asistencia a manifestacións ou seguimento da folga, aínda que así o xustifiquen os pais ou titores legais.
- O resto de alumnado, como colectivo, pode convocar unha xornada de non asistencia á clase.
- Ao tratarse dun dereito colectivo, o proceso de inasistencia á clase require o acordo da metade máis un do alumnado do grupo (maioría absoluta).
- O delegado deberá presentar ao seu titor/a o documento de “Comunicación de decisión colectiva de inasistencia á clase” cunha antelación mínima de 4 días naturais ao día da protesta convocada.
- O alumnado menor de idade deberá entregar ao seu titor/a a “declaración da familia” onde consta que son coñecedores desta inasistencia ao centro.
- Os titores/as comprobarán que se cumpre o requisito da maioría absoluta e que están as autorizacións de todos os menores do grupo.
- Os titores/as comunicarán, vía ABALAR, á familia, con carácter previo, esta decisión colectiva.



- Os titores/as entregarán unha copia do documento de “Comunicación de decisión colectiva de inasistencia á clase” en xefatura de estudos e deixarán outra copia na sala de profesores coa finalidade de comunicar a todo o claustro o alumnado que se suma ao exercicio do dereito de inasistencia colectiva.
- A lexislación vixente sinala que aqueles alumnos/as que teñan dereito á folga non poden ser sancionados de ningún xeito por exercer o dito dereito, o que supón que, se hai exames programados ou materia para dar, hai que facilitarlles que non perdan nin materia nin probas.
- O exercicio deste dereito por parte do alumnado rexistrarase como falta xustificada.
- O alumnado que non secunde a folga será atendido con normalidade respectando o seu dereito de asistencia ás clases.
- A “Declaración familiar”, en caso de menores de idade, está ao dispor das familias na web do centro, no apartado PAIS/NAIS- AUTORIZACIÓNS.